



INFORMACIÓN RESPECTO DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN E MATRICULACIÓN DO ALUMNADO PARA O CURSO 2021/2022

O Decreto 254/2012, do 13 de decembro, a Orde do 12 de marzo de 2013 e a Orde do 25 de xaneiro de 2017 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, regulan o procedemento para a **admisión e matriculación do alumnado** nos centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

NÚMERO DE VACANTES DO CENTRO:

- 2º ciclo de Educación Infantil: 5 **vacantes**.
- 1ºe 2º de Educación Primaria: 6 **vacantes**.

Para escolarizar alumnado con **necesidades específicas de apoio educativo**, reservaranse 3 vacantes en 3 anos (Educación Infantil) e 3 vacantes no 1º curso do 1º ciclo de Educación Primaria (incluídas no número total de vacantes ofertadas). No momento da solicitude deberán xustificar coa documentación pertinente a situación de alumnado con necesidades específicas de apoio.

As prazas reservadas non adxudicadas a este alumnado asignaranse conforme o proceso ordinario.

SOLICITUDE DE ADMISIÓN:

- **Deben solicitar** seren admitidos neste centro **tódolos** nenos e nenas **que queiran estudar nel o curso que vén, 2021-2022**, e que non estean aquí no curso actual.
- Para solicitar a admisión no CEIP de Tabeaio hai varias opcións:
 - **Cubrir a solicitude informáticamente e asinala en Sede Electrónica:** Na aplicación da Xunta 'AdmisionAlumnado' (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>). Aí poderá presentar a solicitude de admisión e consultar o estado de tramitación da solicitude. É preciso dispoñer da Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

- **Cubrir a solicitude informáticamente e presentala asinada de xeito manual no centro:** Na aplicación da Xunta 'AdmisionAlumnado' (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>). Pode cubrir a solicitude informáticamente e presentala asinada de xeito manual no centro.
 - **Cubrir a solicitude manualmente e presentala asinada presencialmente no centro.**
- Para a entrega de solicitudes pedirase **cita previa** no **email:** ceip.tabeaio@edu.xunta.gal

As franxas horarias de entrega de solicitudes serán nos seguintes horarios: luns a venres de 14:05-14:20 horas, ou luns de 16:00-17:00 horas.

- Se alguén solicita varios centros a solicitude debe entregala no centro que figura en 1º lugar.
- Só se pode presentar unha **única solicitude** no centro que solicite en primeiro lugar, a presentación de máis dunha solicitude en varios centros determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- O alumnado que ten **garantía de permanencia** nun centro e presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- **O prazo para presentar solicitudes de admisión é do 1 ao 22 de marzo.**
A documentación a presentar será o DNI ou pasaporte do neno/a onde figure a súa idade, ou no seu defecto o libro de familia, ou unha fotocopia cotexada destes, e o certificado de empadronamento.
- **No caso de que houbese máis solicitudes que vacantes, ábrese un prazo ata o 15 de abril, para a presentación da documentación xustificativa dos criterios do baremo.**
- **A relación provisional do alumnado admitido e non admitido publicarase no taboleiro de anuncios do centro, antes do 25 de abril.**

Poderase formular reclamación ante o Consello Escolar do centro no prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte á publicación da listaxe.

- A relación **definitiva do alumnado admitido** e non admitido publicarase no taboleiro de anuncios do centro, **antes do 15 de maio.**

Contra a relación definitiva de admitidos poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Xefatura Territorial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a publicación.

FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA:

- **Todo o alumnado admitido** para o próximo curso próximo, 2021-2022, **debe formalizar a súa matrícula cubrindo o impreso** que se facilitará na web do centro, do **20 ao 30 de xuño**.

Tabeaio (Carral), 25 de febreiro de 2021

A MESTRA RESPONSABLE

Asdo.: María del Carmen Fernández Andón